



SERRA DO LAROUÇO


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 11 km (lineal)

Dificultade: baixa

Duración: 5 horas (a pé)



Cumes do Larouço, en Portugal.



Cumes do Larouço, en Galicia.

O Larouço é unha serra con orientación NE-SO, de cumes suaves que van gañando altura cara ao sur, rematando no cumo do Larouco en Portugal (1527 m). O punto máis alto en Galicia é o Coto Farelo, con 1396 m). A serra fai de linde entre A Limia e Portugal e prolóngase cara ao norte ata tocar coa serra de San Mamede polo cordal que fai de divisoria entre as depresións de A Limia e Monterrei. O extremo norte da serra tamén se coñece co nome de Montes de Cualedro e Alto das Estivadas, zona de paso das vías de comunicación de Ourense a Verín.


Unha grande parte da serra está cuberta de vexetación de mato e repoboacións forestais de piñeiros. Consérvanse zonas de bosques de cerquiño. Nos cumes de Portugal hai turbeiras.

Desde diferentes puntos hai vistas panorámicas excepcionais de toda a comarca.

COMO CHEGAR: accedese desde Cualedro pola estrada que vai á Xironda. Un pouco antes de chegar á Lucenza cóllese o desvío ao parque eólico e desde alí pódese facer toda a ruta a pé ou unha parte co coche, polas pistas de terra do parque eólico. Desde o último xerador á raia hai 450 m. Logo avanzando por ela 1 km, cóllese un desvío á esquerda que en 2,5 km nos leva ao cumo.

Tamén se pode subir por pistas desde Balzar ou Montealegre (Portugal).


Recomendable na primavera para gozar das cores que nos ofrece a vexetación do mato.




As cores das carqueixas e os breixos na primavera



Casa da neve: atópase ao pé do primeiro aeroxerador que está á dereita do camiño.



Igrexa dos Mouros:
curiosas formacións
rochosas.



Vistas desde os cumes



Os cumes do Larouco en Portugal